



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE OUTUBRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da actas das sesións anteriores (29/09/2021 e 01/10/2021).

A Presidencia informa que as actas dos plenos anteriores quedan pendentes para a seguinte sesión.

2º.- Aprobación, se procede, da modificación de créditos 13/2021 na modalidade de crédito extraordinario por importe de 265.000 euros.

Dáse conta do informe da Comisión informativa de economía e especial de contas do día dezaioito de outubro.

Na sesión celebrada polo Pleno da Corporación o 29/07/2021 acordouse aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vedra para o saneamento das parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase III” cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, cuxo obxecto é establecer as condicións básicas para a colaboración entre os dous organismos, que permita acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



obras consistentes no saneamento das parroquias mencionadas e a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

Consta no expediente o convenio asinado polas partes con data 01/10/2021.

O custo total da actuación de referencia contemplada no dito convenio, e de acordo co establecido na súa cláusula sexta, en relación co réxime de financiamento e obrigas de carácter económico, ascende a 1.325.000,00 euros, distribuídos en dúas anualidades de acordo co seguinte cadro de financiamento:

	AUGAS DE GALICIA	CONCELLO	TOTAL
Exercicio 2021	50.000,00 €	0,00 €	50.000,00 €
Exercicio 2022	1.010.000,00 €	265.000,00 €	1.275.000,00 €
TOTAL	1.060.000,00 €	265.000,00 €	1.325.000,00 €

Ao respecto, a dita cláusula no seu punto 4 establece que “Unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o Concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase disposición de gasto, que recolla a súa achega económica de 265.000,00 euros”.

Pola súa banda, e conforme o disposto no punto 6, o Concello debe aboar a dita achega no primeiro trimestre de 2022. Este aspecto cobra especial relevancia na motivación para a aprobación neste momento dun crédito extraordinario posto que desta forma, o Concello asegúrase unha marxe de tempo para que, unha vez o crédito extraordinario se aprobe definitivamente, se poidan iniciar os trámites para a concertación dunha operación de crédito a longo prazo, asegurándose a dispoñibilidade do crédito e da liquidez no primeiro trimestre de 2022, cuestión esta que podería non cumprirse en caso de agardar a inclusión do crédito no orzamento do ano 2022.

Así, á vista do anterior e de que no Orzamento do Concello de Vedra do 2021 non consta presupostado a contía para facer fronte a esta achega, con data 11/10/2021 consta providencia de alcaldía de incoación dun expediente de modificacións de crédito na modalidade de crédito extraordinario para dotar de crédito á aplicación orzamentaria afectada, e cuxo financiamento se corresponderá coa concertación dunha operación de crédito a longo prazo, nos termos que de seguido se relacionan:

Aplicacións de Gastos

Aplicac. orzam.	Descrición.	Importe
160.62900	Sumidoiros. Investimentos novos	265.000,00 €

Total altas en aplicacións de gastos: 265.000,00 €

Subconceptos de Ingresos.

Subconcepto	Descrición.	Importe
913.00	Préstamo a longo prazo entes non sector público	265.000,00 €

Total altas en subconceptos de ingresos 265.000,00 €



Consta no expediente memoria xustificativa da alcaldía conforme á esixencia do artigo 37.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos.

Visto o informe favorable de intervención do 13/10/2021 de control financeiro permanente, no que se fai constancia de que *“A dispoñibilidade dos créditos que se deriven da aprobación definitiva da presente modificación de créditos e a súa transferencia á Xunta de Galicia quedará condicionada á efectiva aprobación e concertación da operación de crédito a longo prazo”*.

Visto o informe de intervención do 13/10/2021 de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria. Neste sentido, para a presente anualidade o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as corporacións locais está suspendido polo acordo do Consello de Ministros de 06/10/2020 en virtude da cláusula de salvagarda do artigo 135.4 da CE.

Fundamentos xurídicos.

O crédito extraordinario tramitase atendendo ás normas establecidas no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos e as contempladas na base 8ª das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vedra 2021.

De conformidade co disposto no artigo 37 Real Decreto 500/1990. *“1. Os expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito serán incoados, por orde do Presidente da Corporación e, no seu caso, dos órganos competentes dos organismos autónomos dependentes da mesma, nas unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas.*

2. Á proposta haberá de acompañar unha memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiála, debendo acreditarse:

- 1. O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.*
- 2. A dita inexistencia (...) de crédito deberá verificarse no nivel no que estea establecida a vinculación xurídica.*

3. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.”



Visto canto antecede, esta Alcaldía propón á Comisión de economía e especial de contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro.- Aprobar o expediente 2021/T002/000013 de modificación de créditos 13/2021 na modalidade de crédito extraordinario por importe total de 265.000,00 euros incluído no proxecto de gasto 2021/2/SANEA/1 e coa seguinte desagregación:

Aplicacións de Gastos

Aplicac. orzam.	Descrición.	Importe
160.62900	Sumidoiros. Investimentos novos	265.000,00 €

Total altas en aplicacións de gastos: 265.000,00 €

Subconceptos de Ingresos.

Subconcepto	Descrición.	Importe
913.00	Préstamo a longo prazo entes non sector público	265.000,00 €

Total altas en subconceptos de ingresos 265.000,00 €

Segundo.- Expor ao público a presente modificación, polo tempo de quince días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de presentación de reclamacións. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que no pleno de xullo votaron a favor deste convenio con Augas de Galicia que posteriormente foi modificado na súa contía. Naquel momento non sabía que isto implicaba este inconveniente, estas présas para pedir un crédito extraordinario porque non está nos orzamentos, nin a Xunta de Galicia o tiña nos seus. A Xunta de Galicia ía poñer os cartos este ano, e finalmente vai poñer a terceira parte; pero o concello ten que terlle pagado no primeiro trimestre do ano. Cre que poderían ter negociado isto doutra forma.

Di que o seu grupo se vai abster.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu grupo vai votar en contra porque xa están fartos destas operacións. O grupo de goberno pide o voto favorable para unha cousa e en canto llo dan, aparecen sorpresas. O concello está endebedado e agora piden 260.000 € que se pagan cos cartos da Deputación.

Di que ata que o grupo de goberno teña as cousas claras e saiba realmente o que quere e deixe de actuar cunha imprevisión absoluta, non o van apoiar.

No seu día o BNG votou a favor e agora veñen con isto, endebedan máis ao concello sen parar e polo tanto o BNG vai votar en contra.



A Presidencia di que esta é unha subvención para unha obra de 1.300.000 euros para rematar esa terceira fase de sumidoiros da depuradora de Neira de Abaixo, na que a Xunta de Galicia vai poñer máis de 1.000.000 de euros e a parte do concello son 265.000,00 €.

A cantidade que pon o concello, probablemente na adxudicación da obra, sexa inferior, non superando os 200.000 €.

O grupo de goberno vai pedir esa cantidade, porque non van renunciar a esa obra da terceira fase de saneamento, na que a Xunta de Galicia pon un millón de euros.

En canto ao endebedamento en préstamos bancarios, a día de hoxe teñen só de capital pendente 90.000 €, que sumados a este préstamo, estarían arredor de 300.000 €. Pensa que é asumible para o concello e non lle causa ningún problema económico.

Finalmente di que a postura do grupo municipal do PP vai ser votar a favor e desexa que poidan seguir traendo grandes inversións para o concello.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo si está de acordo nas inversións.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que non é un problema de un millón de euros. É un problema de que non son capaces de predicir o que vai facer o grupo de goberno. O voto en contra do seu grupo non vai en contra do millón de euros, vai en contra da forma de xestionar o concello.

A Presidencia replica dicindo que é obvio que a oposición está farta do equipo de goberno, pero é evidente que a poboación de Vedra aínda non. Recórdalle á voceira do PSdeG-PSOE, que con esta terceira fase, o investimento na depuradora de Neira de Abaixo anda preto dos tres millóns de euros.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PP instando ao goberno de España a adopción de medidas para a rebaixa do prezo da luz.

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do PP, na que expoñen que nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por encima dos 90 euros/MWh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, Pemes e autónomos.

Coa entrada en vigor do novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores acollidos ao PVPC (Prezo voluntario para o pequeno consumidor), o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (de menor demanda), xa que redundaría en menores custos para os consumidores; sen embargo produciuse unha subida desbocada do megavatio hora que impacta de maneira moi especial nos colectivos máis vulnerables e naqueles autónomos, Pemes e pequenas empresas que non teñen capacidade para adaptar a súa actividade aos novos tramos horarios.



Unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, pero cómpre desenvolver medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico, polo que se propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a eliminar o tipo de gravame do Imposto sobre o valor de Produción de Enerxía Eléctrica do 7%, modificando a Lei 15/2012, do 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

2º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos reguladores que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

3º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

4º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é mais barata, vai dende as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

5º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

6º.- O Concello de Vedra insta ao Goberno de España a loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores máis vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100% dos custos para evitar o corte da subministración eléctrica.

O Sr. Caldelas González, do PP, sinala que o seu partido non acostuma levar as mocións de partido ás sesións plenarias, pero neste caso debido á incontrolable subida do prezo da electricidade, considéranos necesario.

O prezo da electricidade chegou este luns a 227,45 € por megavatio/hora, e sen perspectivas de baixar a curto prazo. A principios de ano o prezo era de 94,99 € megavatio/hora; en xuño de 2018 o prezo era de 64 € megavatio/hora. A día de hoxe o prezo da electricidade cuadriplica o prezo que había na era de M. Rajoy.

Pese ás novas medidas aplicadas dende o 16/09/2021, no que vai de ano a factura é un 33% maior ca no 2020.

O goberno de España vive na improvisación máis absoluta, incapaz de atallar esta subida descontrolada do prezo da electricidade. Está máis preocupado de facer promesas baleiras de contido que de ofrecer solucións reais. Están a sufrir as consecuencias dunha transición enerxética inxusta e caótica que destrúe emprego e actividade industrial, que compromete a competitividade das empresas e que carga no peto das familias a factura dunha política errónea, polo que os grandes prexudicados en Galicia, como no resto de España, son as familias, as Pemes, os traballadores autónomos e todo o tecido empresarial.

Tras semanas de récord tras récord, o goberno carece dunha estratexia, xa que todas as medidas aprobadas non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen da improvisación.



Neste sentido, o grupo parlamentario popular rexistrou a principios de setembro unha iniciativa no Congreso para rebaixar o prezo da electricidade ata un 20% a través de medidas estruturais que pola vía da fiscalidade afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Esta é unha das seis iniciativas presentadas polo PP dende o ano pasado que foron rexeitadas sistematicamente polo goberno de Pedro Sánchez.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia seguirá estando coas familias que máis o necesitan, como demostra a nova ampliación de crédito para o bono eléctrico ata os 2,1 millóns de euros, un 61% máis do inicialmente previsto e do que se beneficiarán este ano máis de 4.500 familias.

Dende o concello, nas competencias que pode asumir, sempre se protexeu a aquelas familias que non puideron pagar o recibo da luz e así se seguirá facendo.

Por isto, solicita o apoio do PSdeG-PSOE e BNG a esta moción.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, manifesta a sorpresa sobre esta moción, porque ao PP acórdalle meter as medidas estruturais agora despois de gobernar durante dez anos.

Cre que foron as medidas estruturais que acometeu o PP as que os levan agora a este momento. Non se pode arranxar en tres anos a inacción do goberno do PP durante dez.

Xa nos últimos anos do goberno de Zapatero, dende o partido socialista se fixera unha aposta polas renovables, e cando o PP entra no goberno crea o famoso imposto ao sol, sendo ministro o Sr. Soria que posteriormente dimitiu porque estaba ao servizo das grandes eléctricas e non ao dos consumidores.

Na moción, o PP propón a eliminación do tipo de gravame do imposto sobre o valor da produción eléctrica do 7%, modificando a Lei 15/2012, que foi aprobada cando gobernaba o PP.

Na moción, o PP solicita baixar os impostos, e iso é o primeiro que fixo o goberno, aínda que evidentemente é insuficiente.

Esta situación do encarecemento da electricidade non só pasa en España, senón en toda Europa.

O grupo socialista municipal vaise abster, e cre que este goberno está facendo o que está nas súas mans neste momento porque non é culpable da subida disparatada do custe da enerxía, porque iso obedece a outros actores internacionais.

Para terminar dí que durante moito tempo se estivo de lado das eléctricas que están abusando e roubando aos consumidores. O que sucedeu este ano co baleirado dos encoros é un escándalo que están a facer para encher os petos. O goberno socialista estase enfrontando ás eléctricas e o PP non está axudando, senón que segue poñéndose do lado das eléctricas.

Por último quere mandar unha mensaxe de tranquilidade aos veciños de Vedra, dicíndolles que o goberno socialista vai acometer esas medidas estruturais necesarias.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, cre que esta moción é un exercicio de cinismo e que o PP está sometendo ao grupo de goberno municipal a unha humillación.

No ano 1988, Felipe González privatizou o 20,35% , e no ano 1994 o 8,7% de Endesa, empresa nacional de electricidade.

No ano 1997, José María Aznar privatiza o 35%, co que o Estado español só tiña o 41%. En 1998, privatiza o 29,5% e posteriormente un 5% máis.

Con anterioridade a iso Felipe González privatizara o 92% de Repsol. É dicir, é unha depredación absoluta do público o que fan os dous partidos, o PP e o PSOE.



O curioso é que á empresa nacional de electricidade lle fan unha OPA e quédanse co 92%, que é do que viven Iberdrola e outras compañías. Continúan partíndoa, vendendo o que pode e levando os activos a Latinoamérica e cos cartos que saca da empresa nacional de electricidade e o que segue sendo os beneficios que obtén da electricidade española paga unha débeda que tiña de 50.000 millóns de euros, e como non lle chegaba para pagar a súa propia débeda, a empresa ENE, que é a empresa nacional eléctrica italiana endebeda á que era a antiga Endesa en 5.000 millóns máis. É un auténtico latrocinio.

A xestión que fixeron o PP e o PSOE nos últimos corenta anos sobre o sistema enerxético español é delirante.

Cre que é un exemplo de cinismo brutal que o PP traia esta moción a pleno, porque participou na propia lexislación europea reguladora de máximos que é a que fixa o prezo, que en teoría era para permitir o desenvolvemento das enerxías renovables. Participaron nunha lexislación que agora solicitan derrogar, foron os que crearon o imposto ao sol e os que foron en contra da lexislación do eólico galego.

Di que son tan españois que lles parece estupendo que a produción periférica teña que cargar co sobrecoste de transporte da enerxía, e sen embargo o sobrecoste do transporte da electricidade é para todos os españois. Os madrileños e galegos producen coa mesma carga enerxética, pero os galegos pagan o custe do transporte.

O grupo popular de Vedra rexeitou unha moción do BNG para solicitar unha tarifa eléctrica galega, ao igual que teñen os vascos.

O sistema nacional de electricidade español termina en mans do sistema de electricidade italiano, que é o que xestiona os beneficios que produce, que a nivel de Europa é unha das empresas eléctricas que máis beneficios produce. O PP bendiciu esa cesión e agora dille a outros, que tamén participaron niso, que teñen que derrogar iso e solicitan que se eliminen impostos.

Por todo isto, cre que é indigno que traian esta moción a pleno.

O Sr. Caldelas González respóndelle ao grupo socialista que a sorpresa polas mediadas estruturais non debería ser tal. Entende que é a solución inmediata que hai que facer a día de hoxe; algo que non fixo o PSOE en tres anos de goberno, só a rebaixa do IVE ata decembro.

Respecto ao tema dos gravames do 2012 e 2015 cando gobernaba o PP, os prezos non tiñan nada que ver cos actuais, xa que se viña dun período de crise onde a situación e recadación que había que facer era outra.

Non é certo que o PSOE estea facendo actuacións inmediatas nesta materia, e menos despois de tres anos de goberno. Coa excepción da rebaixa do IVE, ata agora non adoptou ningunha outra medida.

Respecto ao sinalado polo BNG, cre que é o de “o PP ataca ao pobo galego” é un slogan que teñen os nacionalistas galegos, pero non escoitou nin unha soa medida a tomar.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que lle aburre a actitude que mostran na moción.

Espera que lle recoñeza aos socialistas que levan gobernando tres anos, e deles ano e medio nunha pandemia que mudou todos os plans de goberno previstos. A alza do prezo da electricidade non é consecuencia do goberno socialista, é consecuencia dunha serie de circunstancias que afectan a nivel europeo e aféctalles a todos.



Dende que comezou a pandemia e se comezaron a xestionar os fondos europeos, os socialistas apostaron por acometer a transición ecolóxica, fomentar as enerxías verdes, etc. e ese proceso non vai ser inmediato despois de dez anos de inacción e penalizando por parte do PP o camiño que xa se comezara a facer. O inmediato que se podía facer era baixar eses impostos e coa subida do prezo non é suficiente.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregúntalle ao Sr. Caldelas González se non lle dá certa carraxe, como patriota español, que o sistema eléctrico español estea en mans do estado italiano sendo o seu partido culpable desa situación.

Suxírelle que presente unha moción para volver nacionalizar o sistema eléctrico español, ou para que Galicia poida xestionar a súa electricidade como fan os vascos.

Di que o PP leva corenta anos xestionando e non fixeron nada polo país.

Dona Susana García matiza que efectivamente España vendeu a empresa nacional de electricidade á eléctrica italiana, no cumio de Eivissa en febreiro de 2007 sendo presidente do goberno o Sr. Zapatero, non gobernando o PP. José María Aznar deixara máis dun 25 % en mans públicas.

Existía unha directriz europea que obrigaba aos estados membros de Europa a liberalizar o mercado da electricidade. Deberían ter polo menos o 30% do seu mercado liberalizado, por iso Aznar tivo que desfacerse dun pouco do que quedaba.

Non vai permitir que se diga que o PP foi quen vendeu a empresa nacional de electricidade, que fora creada no ano 1944 e non precisamente por un partido de esquerdas.

Di que foi Zapatero quen deixou a España sen a empresa nacional eléctrica.

Gas Natural quixo adquirir o que quedaba de Endesa.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que foi unha OPA dunha empresa privada a unha empresa privada. Zapatero non podía negarse a unha lexislación europea que está por encima da lexislación española. Entre as privatizacións de Aznar e Felipe González suman un 92%.

Se o sistema eléctrico español se pon en mans dunha empresa privada, pode acontecer que a poida comprar unha empresa estranxeira.

Se pensa que unha empresa privada española ten como finalidade protexer os dereitos dos españois, entón non sabe o que é unha empresa privada. A empresa privada ten como finalidade sacar o máximo rendemento do seu proceso produtivo. O que houbo foi unha acción de mercado entre dúas empresas cando xa estaban fóra do control do Estado.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregúntalle a dona Susana García se quere dicir que é o presidente do goberno o que decide se unha empresa privada no ano 2007 pode comprar outra ou non.

Por outro lado, respóndelle ao voceiro do BNG que o partido socialista non fai as cousas igual que o PP. Admite que Felipe González comezou a privatización e probablemente lle iría mellor ao país cunha empresa pública de electricidade.

Dona Susana García responde que Zapatero dixo que non á OPA de Gas Natural.

Ao fío de que a esquerda non é como a dereita, o Sr. Caldelas González di que no ano 2017 Pedro Sánchez dicía que a subida da electricidade empobrecía ao país e daba un golpe ás familias. Ese ano a subida foi dun 4,6%. O propio PSOE na súa conta de



Twitter en decembro dese ano dicía: “neste momento non se pode subir a factura da luz de familias e empresas. Trátase de actuar con anticipación para evitar a subida automática da luz que prevé a lei vixente. É o momento de impulsar a reactivación da economía. Neste momento non se pode subir a factura da luz a familias e empresas.”

Podemos, na campaña electoral, dicía: “baixaremos a factura da luz ...” e engadía: “poñeremos firmes ás grandes eléctricas”.

Pablo Iglesias, vicepresidente do goberno ata hai pouco, dicía: “ un goberno cómplice coas eléctricas, non protexe á xente”

Alberto Garzón, ministro de consumo do goberno actual dicía: “ningún goberno decente debería tolerar iso” referíndose á subida da luz.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Antes de dar contestación ás preguntas, a Presidencia informa ao Pleno que estará ausente do concello por ter que asistir á reunión en Italia do proxecto Erasmus + Entrando na economía GIG. Na súa ausencia quedará de Alcalde o Sr. Costa Carneiro.

Respecto ás porcentaxes de saneamento, ao igual cás do abastecemento, cando fala de porcentaxes fai referencia á poboación, non ao territorio.

Cando chegaron ao goberno no ano 2011, había dúas depuradoras no concello, en Ponte Ulla e San Xián, e agora hai dúas máis, a de Neira de Abaixo e a de Bazar.

No ano 2011 tiña acceso á rede de saneamento arredor do 20% da poboación, e a día de hoxe, tendo en conta todo o executado máis o convenio asinado coa Xunta para a terceira fase da depuradora en Neira a executar o ano que vén e os proxectos do POS da Deputación dos lugares de Quintáns e Albela que xa están aprobados e dotados de orzamento, a porcentaxe é do 45% da poboación total.

Desagregado por parroquias, as zonas que verten a esas depuradoras son as que están máis desenvolvidas. É lóxico primeiro desenvolver onde están feitas as depuradoras.

A porcentaxe en Ponte Ulla é dun 75%; en San Xián, un 80%; en Santa Cruz, un 90%; en Vilanova, un 40%; en San Mamede, un 35%; en San Fins, un 15%. Na parroquia de Vedra, polo de agora, hai poucas vivendas conectadas, porque primeiro había que facer a depuradora para verter nela. Matiza, porque non está contabilizado nestas porcentaxes, que xa está feito o anteprojecto das distintas ampliacións que recollen a maior parte da parroquia de Vedra e que verterán á depuradora de Bazar, co que subiría dez puntos a poboación total, co que se chegaría ao 55% da poboación do concello.

En Trobe xa existe o proxecto para toda a aldea de Bazar. A idea é incluílo no POS que se vai aprobar este ano para executalo no 2022, o que supón un 18% da poboación de Trobe.

Actualmente non hai nada executado ou programado en San Pedro de Sarandón, San Miguel de Sarandón, Illobre e Merín.

Está a falar de infraestruturas enormemente caras, tanto de facer como de manter, e máis nunha poboación tan dispersa. Están a estudar con criterios de sostibilidade e eficiencia como chegar ao resto, con que novos sistemas ou de que novas formas máis sostibles.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:



1º.- Sobre a porcentaxe de execución da rede de saneamento, di que xa está contestada.

2º.- Respecto a se o concello ten xa o informe da APLU sobre o tema das escorrentías de Vilanova, a Presidencia contesta que lle insistiu ao director da APLU na reunión persoal que tivo con el para que lle dera prioridade a ese informe.

3º.- Sobre o saneamento en Quintáns, di que está aprobado e presupostado. Tentarase iniciar o procedemento de contratación o máis pronto posible. Agora están coas obras de eficiencia enerxética, subvencionadas polo IDAE, da gardería e pavillón municipal, que teñen que estar adxudicadas antes do 15/01/2022.

4º.- Respecto á sanción imposta á empresa que presta o servizo do SAF, a Presidencia di que pode ver o expediente en calquera momento en Secretaría.

--Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o que sucede coa actividade extraescolar de inglés e a súa forma de financiamento, a Presidencia di que non sucede nada, que funciona con normalidade, e tampouco sucede nada co seu financiamento que é similar ao de outros anos.

2º.- Respecto á Aula Mentor, di que a Aula Cemit está en Vedra e seguirá en Vedra e queren potenciala. A Aula Mentor está en Santa Cruz, porque está vinculada ao Proxecto do centro de emprendemento e formación do espazo coworking da estación do tren, que agora ademais está dentro dos espazos colaboradores da Deputación de A Coruña.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se os gastos dos traballos de limpeza que se fixeron en Vilanova coas escorrentías van a conta da empresa ou do concello, a Presidencia contesta que os danos tenos que reparar a empresa, como por exemplo o tramo da rede de sumidoiros, e que lle van pasar a factura á empresa.

En canto aos traballos de limpeza, algúns fixoos a empresa, e outros, pola urxencia e inmediatez, fixoos o concello.

De repetirse esta situación, habería que valorar eses traballos e repercutirille o custe á empresa.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cantos cartos dedican aos outros clubs de fútbol dende a creación da E.D. de Vedra, a Presidencia di que entende que se refire ao C.D. San Mamede e U.D. Val do Ulla, clubs aos que se lle viñan dando 1.000 € de axuda directa a cada un deles. Quere



recordar que tamén se lles conceden axudas de xeito indirecto, como as reformas nas instalacións deportivas, o custe da electricidade, etc.

En calquera caso houbo unha xuntanza con eles e tentarán subir, na medida das posibilidades do concello, esa achega.

2º.- Respecto ao prezo desagregado da máquina deseñada polo Sr. Vázquez e o Sr. González, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que el non diseña nada porque non é enxeñeiro. Cre que é mellor que consulte directamente a factura e a certificación industrial. A máquina é un tractor que ten un remolque.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta se ese remolque é exclusivo para o asfaltado e necesita saber o custe do remolque, do depósito, do traballo do ferreiro, etc.

O Sr. Vázquez responde que ese remolque está agora dedicado ao asfaltado, e non sabe se iso vén desagregado na factura.

3º.- Sobre a opinión do grupo de goberno da situación actual do asfaltado das vías municipais, a Presidencia responde que cre que están facendo un esforzo importante no arranxo das fochancas. Están pendentes de executar varios plans de asfaltado xa aprobados, pero aínda así hai algunhas nun estado deficiente e terán que facer un esforzo nos vindeiros anos.

4º.- Respecto ao reparto dos folletos cos itinerarios do transporte urbano, di que é unha revista municipal. A Presidencia foi quen decidiu que se repartira nun prazo máximo de 15 días no mes de setembro e que chegara a todas as vivendas. Para facer iso, o mellor era facer un reparto en todas as caixas de correo das vivendas de Vedra. O persoal do concello estaba con moito traballo e solicitoulle aos concelleiros do seu partido e a algún compañeiro que lle axudaran a facelo.

5º.- Sobre a instalación da fibra en Matelo, cédelle a palabra ao Sr. Caldelas González que responde que en Matelo hai fibra excepto un grupo de seis casas ao que aínda non chega. Segundo lle comentan da empresa instaladora, para chegar alí coa fibra teñen que facer un desenvolvemento das distintas liñas ata chegar a ese último. Xa fixeron unha ampliación da infraestrutura que vén dende a Susana ata Nande e van continuar ata poder desenvolver a liña que afecta a esas seis casas.

A día de hoxe, ademais deste caso, existen outros grupos de vivendas de 5/6 casas na Ponte de Sarandón e en Trobe. Quedan un par de casas illadas en Illobre, que están a máis de 400 m. da CPO; 2 casas en Texo (San Fins); 2 en San Miguel (unha delas a súa); e unha en Cubelas e outra en Ribeira (San Pedro de Sarandón).

Excepto a parroquia de Ponte Ulla, a día de hoxe todos os núcleos das parroquias do concello teñen fibra. Ponte Ulla queda para o ano que vén, excepto a aldea de Caldelas que xa a ten estendida.



A Presidencia di que en Ponte Ulla hai algún núcleo máis que ten fibra, están reformulando a extensión e espera que a principios de ano estea listo.

--Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á Aula Mentor, a Presidencia di que xa está contestada.

2º.- Sobre os días de apertura do punto limpo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que o punto limpo só abriu os xoves o primeiro mes dende que se inaugurou. O servizo de recollida de voluminosos axuda moito a non sobrecargar de visitas o punto limpo.

Se ben é certo que no ano de pandemia houbo moito dinamismo no punto limpo porque a xente estaba máis na casa, agora a situación relaxouse.

Considera que son suficientes os días de apertura, pero en todo caso é un tema que se pode valorar cando finalice o contrato e estudar a posibilidade de abrir outro día máis se fose necesario.

3º.- Respecto á inclusión nos próximos orzamentos municipais da partida correspondente para a finalización dos traballos de acondicionamento da antiga escola de San Mamede, a Presidencia contesta que é un dos obxectivos do grupo de goberno para o próximo ano, e que nos orzamentos próximos irá consignada a partida.

4º.- Sobre se a empresa fixo algo para que non volvan acontecer as escorrentías en Vilanova, a Presidencia di que xa presentaron un anteproxecto de actuacións a realizar para evitar as verteduras e escorrentías. Quedaron de presentar esta semana por rexistro ese proxecto para que Augas de Galicia conceda as autorizacións pertinentes para executar as obras.

5º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Fai mención ao primeiro punto da orde do día, aprobación de actas de sesións anteriores, e recórdalle que é a súa obriga presentalas. Non lle gusta que o faga deste xeito e cre que isto non pode suceder.

2º.- Pregunta cal é a situación do espazo público en San Xián.

3º.- En relación a ese informe da APLU, gustaríalle saber cal é o número de expedientes abertos, pechados, resoltos e o tempo medio de resolución dende a adhesión á APLU. Cre que é un organismo pouco eficiente.

Pregunta cal foi o erro do Alcalde respecto ao tema das escorrentías.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que lle faciliten, á maior brevidade posible, os anexos aos orzamentos do 2020, que xa deberían estar á disposición dos concelleiros dende o quince de outubro.



2º.- Espera que poidan ter aprobados de maneira definitiva os orzamentos do ano 2022 antes de que remate o ano e non esperen a decembro.

3º.- O grupo municipal do PP presentou neste pleno unha moción respecto da tarifa da electricidade, pero a realidade é que se lle importa a este equipo de goberno o prezo da luz e están interesados no que repercute no peto dos veciños, solicita que fagan un taller ou unha charla informativa sobre as tarifas da luz, os cambios da mesma, etc porque cunha simple chamada telefónica poden volver ter as familias unhas tarifas axeitadas. Iso é máis real para as familias que traer mocións ao pleno nas que solicitan que o PSOE faga ben o que o PP fixo mal con anterioridade.

4º.- Respecto da actividade de inglés, a docente xa tivo problemas coa concelleira de cultura cando colleu o seu permiso por maternidade, dado que se lle prometeu que a volverían contratar e ao final decidiuse non facelo, pero cando os deixou colgada a docente que tiñan, tiveron que recuar e volver a chamala.

Agora prometéraselle que ía comezar en outubro cos nenos e a última hora cambiaron para unha empresa privada, que casualmente é a mesma que imparte a actividade en Boqueixón.

5º.- Comenta que a Aula Cemit está en Vedra fisicamente, senón tamén a levaban para Santa Cruz.

6º.- Non sabe como cualificar o feito de que os veciños de Vedra teñan que pagar a limpeza das escorrentías de Vilanova, e despois o grupo de goberno chore os cartos subindo tarifas, taxas, etc.

Solicita que lle reclame esas cantidades á empresa que é a culpable e non as repercuta nos veciños.

7º.- Aconséllalle á concelleira dona Susana García que non se fie de todo o que le nos xornais.

8º.- Quere felicitar ao Sr. Caldelas González pola exposición da moción sobre o prezo da electricidade, sobre todo cando dixo que o Sr. Pose sempre se alteraba.

9º.- Sobre a porcentaxe do 50% do saneamento na parroquia de Vedra parécelle unha broma. O concello fixo unha depuradora que dá servizo a catro casas.

--Don Carlos García, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Quere darlle as grazas ao Sr. Vázquez por colocar a varanda en San Fins, casualmente o día anterior á celebración da sesión plenaria.

2º.- Cando falaban de promesas incumpridas, cre que no tema da rede de sumidoiros, o Alcalde ten prometido que ía estar feito na súa lexislatura e cre que as porcentaxes que deu son un pouco elevadas.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:



1º.- Solicita o número de autónomos e/ou empresas que utilizaron ou están utilizando o centro coworking dende a súa creación.

2º.- Pregunta a quen pertence, se a Vedra ou a Boqueixón, un tramo de vía pública que está entre os chalés de Lestedo e a capela de Santa Isabel en San Fins que está en moi mal estado. Se lle corresponde a Vedra, solicita o seu arranxo.

3º.- Se a Aula Mentor se vai levar a cabo en Santa Cruz, pregunta que se vai facer coa aula Cemit, se algún día vai ter actividade esa aula.

4º.- Pregunta que pasou cos dípticos que se ían enviar hai máis dun ano ás casas sobre a violencia doméstica e que nunca chegaron a enviar.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.